

En caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas tipoloxías eiqui establecidas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo ou na Base de Datos da Construcción de Galicia aprobada polo Instituto Tecnolóxico de Galicia

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS URBÁNS

### ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e de conformidade co disposto no art. 20, apartado 4, letra s) do R.d.lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello aprobou a taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no art. 57 do devandito R.d.lexislativo 2/2004

### ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, así como locais recreativos, de culto ou de actividades de venda ambulante.
2. A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou a recollida dos cales esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.
3. Así mesmo considérase realizado o feito imponible naquelas vivendas que dispoñan de auga potable ou outro subministro e nos establecementos onde se exercen actividades económicas, susceptibles de seren obxecto de gravame polo IAE ou outros tributos, sempre que exista aparencia exterior de realización dunha actividade económica.
- 4.

### ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, mesmo de precario.

1. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude, será suxeito pasivo o solicitante ou o causante da prestación.
2. No caso de vivendas ou locais, presumirase que é suxeito pasivo o titular do abono ao servizo da auga, e no caso de establecementos nos que se realicen actividades económicas, a persoa física ou xurídica que figura coma suxeito pasivo no Imposto sobre Actividades Económicas e nos restantes tributos municipais que graven ou poidan gravar a actividade desenvolvida.
3. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Aos efectos desta taxa, entenderase usuario do servizo aos titulares do contrato de subministro de auga, devengándose a mesma por cada contrato de subministro suscrito.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

### ARTIGO 4. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas e entidades a que se refire o art. 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas e entidades que figuran no art 43 da Lei Xeral Tributaria.

### ARTIGO 5. TARIFAS

A cota tributaria é o resultado da aplicación das seguintes tarifas:

	TARIFA ANUAL	TARIFA TRIMESTRAL	TARIFA SEMESTRAL
<b>Tarifa normal</b>			
Vivenda	52,40	13,10	26,20
Hoteis, hostais e moteis, que só presten servizo de almorzo (€/habitación)	5,00	1,25	2,50
Hoteis, hostais e moteis, con servizo de restaurante (€/habitación)	12,40	3,10	6,20
Restaurantes, mesóns e casas de comidas	150,00	37,50	75,00
Cafeterías, bares e tabernas	150,00	37,50	75,00

Pubs, whisquerías, clubs, discotecas, salas de baile, bingo, cines e similares	175,20	43,80	87,60
Supermercados e asimilados	174,40	43,60	87,20
Tendas, froiterías, pescaderías e outros establecementos de alimentación ao por menor	81,20	20,30	40,60
Comercios en xeral ao por menor, peruquerías e asimilados	50,00	12,50	25,00
Despachos profesionais	50,00	12,50	25,00
Entidades financeiras	112,40	28,10	56,20
Talleres ata 250 m2	112,40	28,10	56,20
Talleres de máis de 250 m2	150,00	37,50	75,00
Industrias e fábricas	100,80	25,20	50,40
Farmacias, parafarmacias ou similares	88,00	22,00	44,00
Hospitais, clínicas, residencias ou similares	136,00	34,00	68,00
Centros de ensino privados de todo tipo	100,00	25,00	50,00
Tanatorios	124,80	31,20	62,40
Gasolineras	125,00	31,25	62,50
Areas-estacións de servizo	1.141,00	285,25	570,50
<b>Tarifa especial</b>			
Superficie sobre a que se actúa supera os 4.000 m2	7.500,00	1.875,00	3.750,00

No caso de que un establecemento conte con máis dunha actividade, cotizará por cada unha delas.

Considérase **Tarifa especial**, as instalacións que constitúan complexos de servizos, nos que se desenvolvan varias actividades pero por un único suxeito pasivo e os servizos municipais de recollida do lixo teñan que desenvolver tarefas de barrido, selección e acopia ou almacenamento dos refugallos procedentes de tales complexos, nunha superficie mínima de 4000m<sup>2</sup>, ( fóra dos espazos construídos e valados) para acarrealos e introducilos nos colectores dipostos pola administración municipal.

A este respecto, nesta ordenanza determínase que ten a condición ou singularidade prevista neste epígrafe especial o complexo da área de servizo da A6, neste termo municipal de Guitiriz, sen prexuízo doutros supostos ós que poda resultar de aplicación e que se determinen con ocasión de aprobar o padrón do lixo.

A aplicación desta tarifa especial é compatible coa aplicación de calquera das outras que constan no cadro tarifario precedente.

#### ARTIGO 6. DEVENGO.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliado nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuintes suxeitos á taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cuotas devengarase o primeiro día en cada trimestre natural, agás que o devengo da taxa se producira con posterioridade a dita data, en cuxo caso a primeira cota devengarase o primeiro día do trimestre seguinte.

3. Aos efectos da exacción da presente taxa, aqueles inmobles que contén coa alta no padrón de abastecemento de agua potable, causarán alta na recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbáns.

#### ARTÍCULO 7. DECLARACIÓN E INGRESO.

1. Con todos os suxeitos a tributación formarase anualmente a correspondente matrícula, con expresión dos obrigados ao pago, domicilio recaudatorio, actividade, tarifas, cotas, e demais datos que se estimen oportunos.

2. A matrícula formarase polo concello ou órgano encargado da xestión e recaudación da taxa.

3. A xestión da taxa farase sobre o padrón ou listaxe cobratoria comprensiva das liquidacións por recibo referidos á prestación do servizo. O referido padrón será aprobado, previa exposición ao público por un período de 15 días, dentro do primeiro semestre de cada período impositivo.

O prazo para formular o recurso de reposición será dun mes, contado desde o remate da exposición ao público.

No acordo de aprobación se precisará o prazo do período cobratorio, que nunca poderá ser inferior a dous meses, axustándose o mesmo ás instrucións que se dicten pola Tesourería Municipal.

4. O cobro das cotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado da matrícula, podéndose emitir ben individualmente, ben conxuntamente con outros impostos ou exaccións, mediante a xestión recaudatoria que se estime como máis conveniente.

5. Os cambios de titularidade ou de actividade, deberán porse en coñecemento do concello ou órgano encargado da xestión e recaudación da taxa aos efectos da modificación da matrícula. A non comunicación de ditos extremos, conlevará a obriga de continuar abonando a taxa ata tanto non se produza a correspondente comunicación.

**ARTIGO 6. INFRACCIÓNS E SANCIOÑS.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso se estará o disposto nos artigos 191 e seguintes da Lei xeral tributaria.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Naqueles casos excepcionais, en que, por circunstancias tales como lonxanía do lugar de recollida do casco urbán, volume de residuos a recoller, maior necesidade de medios humanos e materiais, etc, o concello preste o servizo, e o coste para ol mesmo sexa excesivamente oneroso, procederase a exacción da taxa mediante o cálculo do custe real do servizo concreto.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor mentres non se acorde expresamente a súa modificación ou derogación.

Guitiriz 27 de xaneiro 2012.- O Alcalde, Xosé María Teixido Núñez

R. 0493

*Anuncio***NOTIFICACIÓN EDICTAL DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE SANCIONADOR**

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (B.O.E. 285 de 27 de novembro de 1992), faise pública notificación de resolucións recaídas nos expedientes sancionadores que se indican, ditadas pola autoridade competente segundo se dispón no artigo 68.4 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, as persoas ou entidades que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último domicilio coñecido, esta non se puido practicar.

Contra esta resolución, pode interpoñer recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da presente publicación ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo Provincial, no prazo de dous meses sen prexuízo de calquera outro recurso que estime oportuno.

No suposto de recorrer en reposición, o recurso contencioso-administrativo non se poderá interpoñer ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a desestimación presunta do mesmo (artigos 89, 108, 109, 110, 116 y 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999 e art. 46 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

As multas poderán aboarse en período voluntario dentro dos quince días naturais seguintes a firmeza, xa que de non facelo procederase ó cobramento do importe pendente pola vía de constreñimento (apremio) de conformidade co establecido no artículo 21 do Regulamento do Procedemento Sancionador en materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por el R.D 320/1994, de 25 de febreiro, incrementado co recargo de constreñimento que proceda sobre o seu importe e, no seu caso, os correspondentes xuros de mora.

Os correspondentes expedientes obran nos Servizos Administrativos, Rúa do Concello, 4 – Guitiriz.

Lugar e forma de pagamento:

- a) Mediante ingreso na conta 2080/0122/41/3110000040 de Nova Galicia Banco, indicando nº de expediente, nome e matrícula.
- b) Mediante xiro postal en Correos, facendo constar nº de expediente, nome e matrícula.
- c) Mediante ingreso na Tesourería do Concello de Guitiriz en horario de 9 a 14 h. de luns a venres.

Relación de suxeitos a que se refire este edicto:

LOCALIDADE	DENUNCIADO	DNI/NIF	EXPT/ACTA D.	DATA/HORA	MATRICULA	CONTÍA	PUNTOS DETRAER	ART	NORMA
Guitiriz	Patacho sl	B27295666	2086/11	31-05-2011/12:45	1518DPJ	200		94.2.C	RGC
Ponferrada	Ordoñez Fernández, Candida F.	10080062	2081/11	10-05-2011/12:15	LE5814Y	200		154	RGC
Lugo	Pereira López, Josefina	76568405	1984/11	7-07-2011/12:38	2351BZG	200		94.2.E	RGC

Guitiriz a 13 de febreiro 2012.- O Alcalde, Xosé María Teixido Núñez

R. 0716